

ducto concentrado obtido por extracción dos grans de café torrados, utilizando soamente auga como medio de extracción, con exclusión de calquera procedemento de hidrólise por adición de ácido ou base. Ademais das substancias insolubles tecnoloxicamente inevitables e dos aceites insolubles procedentes do café, o extracto de café só deberá conter-los compoñentes solubles e aromáticos do café.

O contido de materia seca procedente do café deberá ser:

a) Para o extracto de café: igual ou superior ó 95 por 100 en masa.

b) Para o extracto de café en pasta: do 70 ó 85 por 100 en masa.

c) Para o extracto de café líquido: do 15 ó 55 por 100 en masa.

O extracto de café en forma sólida ou en pasta non deberá conter máis elementos que os procedentes da extracción do café. Non obstante, o extracto de café líquido poderá conter azucres alimenticios, torrados ou non, nunha proporción que non supere o 12 por 100 en masa."

2. Suprímense do artigo 3 os puntos 3.7, 3.10 e 3.12.

3. No artigo 13 suprímense os parágrafos penúltimo e antepenúltimo.

4. O artigo 15 queda modificado da forma seguinte:

a) No número 15.1 engádense dous novos parágrafos, a continuación do primeiro parágrafo, co texto seguinte:

«15.1 As denominacións dos produtos b) e c) definidos no punto 2.2 do artigo 2 "Extracto de café" ou "extracto de café soluble", ou "café soluble" ou "café instantáneo" completaranse, se é o caso, cos termos "en pasta" ou "en forma de pasta ou líquido" ou "en forma líquida", de acordo coas características alí establecidas.

No caso do extracto de café líquido, definido na alínea c) do punto 2.2, a denominación poderase completar co cualificativo "concentrado" sempre que o contido de materia seca procedente do café sexa superior en masa ó 25 por 100.»

b) O punto 15.8 substitúese polo seguinte:

«15.8 No caso do extracto de café líquido definido no punto 2.2 do artigo 2, a etiquetaxe deberá indicar "con...", "conservado con...", "con... engadida" ou "torrado con..." acompañado da denominación do tipo de azucre ou azucres utilizados.

Estas mencións deberán figurar no mesmo campo visual que a denominación de venda.»

c) O número 15.9 substitúese polo seguinte:

«15.9 No caso do extracto de café en pasta e do extracto de café líquido, definidos nos parágrafos b) e c) do punto 2.2 do artigo 2, a etiquetaxe deberá indicalo contido mínimo de materia seca procedente do café. Este contido expresarase como porcentaxe na masa do produto acabado.»

d) Engádense un novo punto 15.11 co texto seguinte:

«15.11 A etiquetaxe deberá incluí-la mención "descafeinado" no caso dos produtos definidos no punto 2.2 cando o contido de cafeína anhidra non sexa superior en masa ó 0,3 por 100 da materia

seca procedente do café. Esta mención deberá figurar no mesmo campo visual que a denominación de venda.»

Disposición adicional única. *Títulos competenciais.*

O presente real decreto dítase ó amparo do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Os produtos que cumpran o disposto na normativa vixente ata a data de entrada en vigor do presente real decreto poderán seguir comercializándose ata o 13 de setembro de 2001.

Non obstante, os produtos etiquetados antes do 13 de setembro de 2001 poderán comercializarse ata que se esgoten as súas existencias.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 3 de agosto de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

15219 REAL DECRETO 944/2001, do 3 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas. («BOE» 186, do 4-8-2001.)

A Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, no seu artigo 101 establece que se realizarán recoñecementos médicos e probas psicolóxicas e físicas co contido e periodicidade que se establezan regulamentariamente, ou en calquera momento por iniciativa fundamentada do interesado ou do xefe da súa unidade, centro ou organismo.

A mesma lei, no seu artigo 107, determina que como consecuencia dos recoñecementos e probas psicolóxicas e físicas antes citadas, así como nos supostos previstos no seu artigo 157 en relación coa insuficiencia de condicións psicofísicas, se poderá iniciar un expediente para determinar se a devandita insuficiencia pode ter como efecto unha limitación para ocupar determinados destinos, o pase a retiro ou, se é o caso, a resolución do compromiso. Os procedementos para a tramitación destes expedientes e os cadros de condicións psicofísicas que lle permitan ó órgano pericial correspondente emitilos dictames oportunos, segundo o citado artigo 107, deben determinarse regulamentariamente.

En consecuencia, procede a aprobación dun regulamento de aplicación xeral no ámbito das Forzas Armadas, que desenvolva os preceptos citados da Lei 17/1999.

Cos recoñecementos e probas periódicas, que se regulan no capítulo II do regulamento, será posible garantir que os diferentes postos da estrutura militar estean cubertos por militares coas capacidades psicofísicas adecuadas. Tamén se poderá valorar con criterios obxectivos a aptitude psicofísica individual, coa conseguinte repercusión nas avaliacións para o ascenso ou para a asignación de determinados destinos coa vantaxe de servir como detección precoz de procesos e, se é o caso, adiantalo diagnóstico e tratamento e, por último, cando se detecten deficiencias que afecten a grupos de persoas poderán introducirse modificacións nos plans de instrución e adestramento que permitan corrixir estas deficiencias globais.

A complexidade das misións das Forzas Armadas require o exercicio dunha gran diversidade de funcións e cometidos, a práctica habitual dos cales esixe diferentes niveis de aptitude psicofísica. Así, existen postos para os que se requiren unhas condicións psicofísicas superiores ás que poden considerarse normais, na súa maioría relacionados con destinos en unidades da Forza, e outros que non requiren especiais aptitudes psicofísicas ou mesmo poden ser desempeñados cunhas mínimas condicións psicofísicas. Este amplo abano de posibilidades fai necesario dispor dun marco médico pericial e duns protocolos médicos de aplicación específica nas Forzas Armadas, para a aplicación do artigo 107 da Lei 17/1999, en canto a determina-la existencia de insuficiencia de condicións psicofísicas, que se concretan nos capítulos III e IV do regulamento e nos cadros médicos que se establecen no anexo.

Polas mesmas razóns, a aptitude, ou a non aptitude, dun militar profesional para continuar en servizo activo, debe ser valorada por un órgano competente do ámbito do mando ou xefatura de persoal do exército correspondente, á luz dos informes médicos periciais. No procedemento que se establece, o informe médico achegará a unha xunta de avaliación un coñecemento das condicións psicofísicas do interesado, e a xunta de avaliación, coñecedora das actividades que comportan os diferentes postos da estrutura orgánica e da formación militar do afectado, informará sobre a súa capacidade psicofísica en relación cos diferentes tipos de destinos e emitirá o informe pertinente.

Ámbolos informes, o médico pericial e o da xunta de avaliación, mesmo non sendo vinculantes, achegarán datos obxectivos e esenciais para dicta-la resolución que en cada caso corresponda.

Nalgunhas das citadas resolucións pode determinarse o pase a retiro ou a resolución do compromiso do militar afectado. Por esta razón, para economizar medios e reducir trámites que alonquen innecesariamente os prazos para a determinación da contía das pensións ou indemnizacións, cando o órgano médico pericial que emite dictame para efectos do expediente de aptitude psicofísica para o servizo nas Forzas Armadas aprecie algún caso en que o afectado puidese pasar a retiro ou resolverse o seu compromiso, tamén incluírá no seu informe o grao de minusvalidez, de acordo co disposto no anexo I do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro e ministro do Interior, no que afecta á Garda Civil, e do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2001,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento para a determinación da aptitude psicofísica do persoal das Forzas Armadas.

Disposición adicional única. *Modificación das relacións de cadros de mando das Forzas Armadas para o período 1999-2004.*

Modifícase o punto A).5.b) do anexo ó Real decreto 1460/1999, do 17 de setembro, de relacións de cadros de mando das Forzas Armadas para o período 1999-2004, no sentido de que o cadro de persoal da Rama de Talleres da Agrupación Obreira e Topográfica do Exército de Terra será:

Empregos	Escala AOT Talleres				
	1999/2000	2000/2001	2001/2002	2002/2003	2003/2004
Comandante ..	0	1	1	0	0
Capitán	4	3	2	2	2

Disposición transitoria primeira. *Persoal da Garda Civil.*

Ata a aprobación do regulamento ó que se refire o artigo 55.2 da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, a determinación da aptitude psicofísica do persoal do citado corpo continuará rexéndose pola normativa anterior, salvo os cadros de condicións psicofísicas, que serán os que se establecen no anexo do regulamento que se aproba por este real decreto. As xuntas médico-periciais serán os órganos competentes para emitilos dictames médicos.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

Os procedementos para a tramitación de expedientes de insuficiencia de condicións psicofísicas xa iniciados antes da entrada en vigor do presente real decreto este non lles será de aplicación e continuarán a rexerse pola normativa anterior.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango no que se opoñan ó disposto no presente real decreto, en especial as seguintes;

- Orde 21/1985, do 10 de abril, pola que se regula a tramitación de expedientes de inutilidade física.
- Orde 7/1987, do 29 de xaneiro, pola que se aproba a táboa de aptitudes psicofísicas que poden determina-lo pase á reserva activa.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Defensa para dictar cantas disposicións sexan necesarias en desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente Real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 3 de agosto de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

REGULAMENTO PARA A DETERMINACIÓN DA APTITUDE PSICOFÍSICA DO PERSOAL DAS FORZAS ARMADAS

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto.*

1. O presente regulamento regula o contido e a periodicidade dos recoñecementos médicos e das probas psicolóxicas e físicas a que se refire o artigo 101 da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, como sistema de control e avaliación das condicións psicofísicas dos militares profesionais.

2. Así mesmo, determina os procedementos para a tramitación dos expedientes de insuficiencia de condicións psicofísicas a que se refire o artigo 107 da citada lei, e incorpora os cadros de condicións psicofísicas que lle permitan ó órgano pericial competente emitilos dicitames oportunos.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O regulamento é de aplicación a tódolos militares profesionais das Forzas Armadas en situación de servizo activo, suspenso de funcións e suspenso de emprego.

2. Os artigos 7, 8 e o capítulo III tamén son de aplicación ós militares profesionais non incluídos no número anterior nas condicións e cos requisitos que establece a súa normativa específica.

CAPÍTULO II

Avaliación de condicións psicofísicas

Artigo 3. *Condicións psicofísicas.*

1. As condicións psicofísicas dos militares profesionais serán avaliadas mediante os recoñecementos médicos e as probas psicolóxicas e físicas que se establecen neste capítulo.

2. Os informes médicos serán da competencia exclusiva da Sanidade Militar e estarán baseados nos recoñecementos médicos, ós que se refire o artigo 4 deste regulamento, que con carácter xeral serán realizados pola Sanidade Militar, que considerará tamén os informes facultativos procedentes da cobertura sanitaria do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.

3. Os informes psicolóxicos e as probas psicolóxicas en que se baseen serán da competencia exclusiva da Sanidade Militar.

4. No informe médico ou psicolóxico que se emita farase constar, ademais da posible insuficiencia, a súa irreversibilidade ou non e o tempo transcorrido desde o seu diagnóstico inicial pola Sanidade Militar.

5. Os informes de condicións físicas serán emitidos por oficiais do Exército de Terra, da Armada ou do Exér-

cito do Aire co título de profesor de educación física e estarán baseados no resultado das probas físicas a que se refire o artigo 6 deste capítulo, a organización das cales será competencia do xefe do mando ou xefatura de persoal do exército respectivo.

Artigo 4. *Recoñecementos médicos periódicos.*

1. O recoñecemento médico periódico dos militares profesionais das Forzas Armadas incluírá como mínimo a revisión de:

- a) Capacidade física xeral.
- b) Aparello locomotor.
- c) Visión.
- d) Audición.

2. Os militares de carreira e os militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter permanente pasarán recoñecemento médico ó menos coa seguinte periodicidade:

- a) Ata cumpriren corenta anos de idade: cada sete anos.
- b) Entre corenta e cincuenta anos de idade: cada cinco anos.
- c) Con máis de cincuenta anos de idade: cada tres anos.

3. Os militares de complemento pasarán recoñecemento médico, como mínimo, antes da sinatura dun novo compromiso.

4. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal pasarán recoñecemento médico, como mínimo, antes da sinatura dun novo compromiso, e con carácter previo ó acceso a unha relación de servizos de carácter permanente.

5. O ministro de Defensa poderá adecualo contido e a frecuencia dos recoñecementos médicos en razón do corpo, escala, especialidade, emprego, destino, idade e circunstancias persoais dos militares.

Artigo 5. *Probas psicolóxicas periódicas.*

1. As probas psicolóxicas periódicas deberán permitirla detección de trastornos psicolóxicos, da personalidade e da conducta.

2. Os militares de carreira e os militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter permanente realizarán ó menos unha proba psicolóxica cada cinco anos.

3. Os militares de complemento realizaranas, como mínimo, antes da sinatura dun novo compromiso.

4. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal realizaranas, como mínimo, antes da sinatura dun novo compromiso, e con carácter previo ó acceso a unha relación de servizos de carácter permanente.

5. O ministro de Defensa poderá adecuala frecuencia mínima establecida nos números anteriores en razón do corpo, escala, especialidade, emprego e destino dos interesados, ou cando as circunstancias persoais dos militares así o aconsellen.

Artigo 6. *Probas físicas periódicas.*

1. As probas físicas deberán permitir avaliar como mínimo a forza, a resistencia e, para idades inferiores a corenta e cinco anos, a velocidade, e axustaranse a un cadro de condicións que permita establecer diferentes niveis en función da idade e do corpo, escala ou especialidade, emprego e, se é o caso, destino.

2. Os militares de carreira dos corpos xerais e de especialistas dos exércitos e do Corpo de Infantería de Mariña da Armada e os militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servicios de carácter permanente deberán realiza-las probas físicas ó menos unha vez cada cinco anos.

3. O ministro de Defensa, atendendo ás necesidades específicas de cada exército, poderá establece-la periodicidade coa que deberán realiza-las probas físicas os militares de carreira dos corpos de Intendencia e Enxeñeiros dos exércitos.

4. Os militares de complemento adscritos ós corpos específicos dos exércitos deberán realiza-las citadas probas físicas, como mínimo, con anterioridade á sinatura dun novo compromiso.

5. Os militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servicios de carácter temporal realizaranas, como mínimo, antes da sinatura dun novo compromiso, e con carácter previo ó acceso a unha relación de servicios de carácter permanente.

6. O ministro de Defensa establecerá os cadros de condicións físicas ós que se refire o número 1 deste artigo, poderá adecua-la frecuencia mínima establecida nos números anteriores do corpo, escala, especialidade, emprego e destino dos interesados e determinará a periodicidade coa que deberán realiza-las probas físicas os militares de carreira dos corpos comúns das Forzas Armadas, e os militares de complemento adscritos ós citados corpos.

Artigo 7. *Recoñecementos e probas non periódicas.*

1. Con independencia dos recoñecementos médicos e das probas psicolóxicas de carácter periódico, a que se refiren os artigos 4 e 5 anteriores, tamén poderán realizarse en calquera momento, por iniciativa do propio interesado, fundamentada en informes médicos ou psicolóxicos, ou por proposta motivada do xefe da unidade, centro ou organismo de destino ou autoridade de quen dependa o interesado.

As probas físicas, ás que fai referencia o artigo 6 deste regulamento, tamén poderán realizarse en calquera momento por proposta do xefe de unidade, centro ou organismo ou por iniciativa do interesado cando sexa necesario acreditar unhas condicións físicas especiais e a súa posesión non poida deducirse do expediente de aptitude psicofísica do interesado. Estas probas regularanse polas normas que o director xeral de Persoal ou os xefes do mando ou xefatura de personal de cada exército establezan.

2. En todo caso, o xefe de unidade, centro ou organismo solicitará recoñecemento médico e probas psicolóxicas nos casos seguintes:

a) Ó incoarse expediente gubernativo pola causa 3.^a do artigo 17 da Lei orgánica 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas.

b) Cando sexa evidente e notoria a posible insuficiencia de condicións psicofísicas en relación co tipo de actividades ou funcións propias da unidade.

3. O director xeral de Persoal ou o xefe do mando ou xefatura de persoal do exército respectivo, en función do exército ou do corpo ó que pertencen os interesados, estimarán ou desestimarán as propostas e solicitudes ás que se refiren os números anteriores e, en caso de as estimar, ordenarán os recoñecementos médicos e as probas psicolóxicas que procedan, que se adaptarán en canto ó seu contido ás causas que os motiven.

No prazo máximo de tres meses desde que se recibiu a solicitude de recoñecemento, a autoridade mencionada anteriormente resolverá tendo en conta as alegacións do interesado.

Artigo 8. *Efectos dos recoñecementos médicos e das probas psicolóxicas e físicas.*

1. Os informes médicos e psicolóxicos e o resultado das probas físicas incluíranse no historial militar e serán tidos en conta, asegurando en todo caso a súa confidencialidade, nas avaliacións para o ascenso e, se é o caso, para a declaración de idoneidade previa á sinatura de novos compromisos así como para o acceso a unha relación de servicios de carácter permanente e para ocupa-los destinos ós que se refire o parágrafo segundo do número 2 do artigo 129 da Lei 17/1999, do 18 de maio.

2. O militar profesional ó que, como consecuencia dos recoñecementos e probas citados, lle sexa apreciada unha insuficiencia de condicións psicofísicas para o servico, motivada por lesión ou enfermidade que non resulte irreversible, permanecerá na situación administrativa na que se encontre, con independencia de que a insuficiencia detectada dea lugar a unha baixa temporal para o servico, fundamentada nos informes da Sanidade Militar.

3. Ó militar de carreira ou militar profesional de tropa e mariñeiría cunha relación de servicios de carácter permanente, no momento en que a insuficiencia de condicións psicofísicas citada no número anterior se presume definitiva, iniciaráse o expediente que se regula no capítulo III deste regulamento. O afectado cesará no seu destino, se o tiver, e manterá a mesma situación administrativa que tiver ó inicio do expediente, ata a finalización do mesmo, e ós militares profesionais cunha relación de servicos de carácter temporal, ademais do anterior, prorrogáraselles, se é o caso, o compromiso ata a conclusión do referido expediente.

4. Tamén se iniciará o citado expediente e o afectado cesará no seu destino cando a insuficiencia de condicións psicofísicas subsista, transcorridos os seguintes prazos desde que lle foi apreciada:

a) Dous anos para os militares de carreira e os militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servicos de carácter permanente.

b) Un ano para os militares de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servicos de carácter temporal ou ó finaliza-lo compromiso que teña asinado.

CAPÍTULO III

Avaliación extraordinaria para determina-la insuficiencia de condicións psicofísicas

Artigo 9. *Avaliación extraordinaria para determina-la insuficiencia de condicións psicofísicas.*

1. Cando un militar profesional estea afectado por algunha das causas reguladas nos números 3 e 4 do artigo 8, ambos deste regulamento, procederase a unha avaliación extraordinaria para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, para efectos da limitación para ocupar determinados destinos, do cambio de especialidade, do pase a retiro ou da resolución do compromiso, segundo corresponda.

2. No expediente que se instrúa para a avaliación extraordinaria constará o dictame dunha das xuntas médico-periciais da Sanidade Militar e o informe dunha das xuntas de avaliación específica para este tipo de avaliacións extraordinarias que, con carácter permanente, se constituirán na Dirección Xeral de Persoal e no mando ou xefatura de persoal de cada exército.

As xuntas médico-periciais rexeranse pola súa normativa específica e tódolos vocais serán do Corpo Militar de Sanidade.

Nas xuntas de avaliación específica o presidente será un oficial xeneral ou un coronel ou capitán de navío, o número de vocais non será inferior a catro e un será do Corpo Xurídico Militar e outro do Corpo Militar de Sanidade.

3. Os expedientes iniciaranse por orde do director xeral de Persoal ou do xefe do mando ou xefatura de persoal do exército respectivo, en función do exército ou corpo ó que pertencen os interesados, por iniciativa da citada autoridade, ou por proposta do xefe da unidade, centro u organismo no que estean destinados ou da autoridade de quen dependan cando non tivesen destino.

Artigo 10. *Expediente de avaliación extraordinaria e prazo de resolución.*

1. O expediente de avaliación extraordinaria para determina-la insuficiencia de condicións psicofísicas constará dunha fase de instrucción e outra de resolución.

2. O prazo máximo para resolve-lo expediente e notifica-la resolución ó interesado será de seis meses. Cando se suspenda o cómputo de tempo, como consecuencia dos informes técnicos ós que se refiren os números 4 e 7 do artigo 11 deste regulamento, ou por outras das causas que estean incluídas nos supostos do número 5 do artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, darase comunicación ó interesado.

3. A ampliación do prazo ó que se refire o número anterior ou a aplicación da tramitación de urxencia ó procedemento determinarase en virtude do establecido nos artigos 42 e 50 da Lei 30/1992.

4. En calquera momento anterior ó trámite de audiencia, o interesado poderá aducir alegacións ou achegar documentos que garden relación co expediente, que serán tidos en conta ó redacta-la proposta de resolución.

5. En aplicación dos artigos 159 da Lei 17/1999 e 44.1 da Lei 30/1992, a falta de resolución expresa do procedemento, ó vencemento do prazo máximo establecido sen que se dictase nin notificase resolución, producirá efectos desestimatorios.

Artigo 11. *Fase de instrucción.*

1. O expediente iniciaranse coa orde de incoación deste, que incluirá, como mínimo, a designación do instructor, a da xunta médico-pericial correspondente e os prazos máximos para resolver, e será comunicada, ademais de ós anteriores, ó interesado e ó xefe da súa unidade, centro ou organismo ou, no caso de que non tivese destino, á autoridade de quen dependa.

2. O instructor remitirá o expediente de aptitude psicofísica do interesado á xunta médico-pericial correspondente.

3. A xunta médico-pericial, no prazo máximo de quince días desde que foi designada, fixará a data do recoñecemento polos médicos da Sanidade Militar que estime procedentes en cada caso e comunicarlalla ó instructor, que, pola súa vez, llo comunicará ó interesado, coa indicación de que o dictame médico deberá emitirse no prazo máximo de tres meses desde a data de designación da xunta médico-pericial. Se o instructor resolvese a suspensión do cómputo de tempo ata a recepción do dictame médico, tamén o comunicará ó interesado.

4. Os informes dos recoñecementos médicos citados no número anterior serán remitidos á xunta médico-pericial, que redactará acta da sesión no curso da cal estudie o caso do interesado e, tendo en conta as súas alegacións, decidirá sobre a ampliación da pericia

e, recibido se é o caso o novo informe médico, emitirá dictame, de acordo co que se estipula no capítulo IV deste regulamento, remitíndoo ó instructor, xunto con todo o expediente. No citado dictame, a xunta pronunciarase sobre a posible relación de causalidade da enfermidade ou secuelas padecidas con actividades do servizo ou atentado terrorista.

5. O instructor practicará cantas dilixencias estime oportunas para determina-las causas que puidesen orixinala incapacidade e a posible relación de causalidade coas actividades do servizo ou, se é o caso, con atentado terrorista, achegando os documentos, declaracións de testemuñas e outras probas que o acrediten. Nas súas actuacións acordará nun só acto tódolos trámites que pola súa natureza admitan unha impulsión simultánea e non sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo, e observará os prazos e os motivos de suspensión, de acordo co número 5 do artigo 42 da Lei 30/1992.

6. Finalizadas as súas actuacións, o instructor emitirá as súas conclusións e remitirá o expediente, debidamente foliado, á xunta de avaliación á que se refire o número 2 do artigo 9 deste regulamento, comunicándollo ó interesado.

7. Se a xunta de avaliación considerase necesaria unha ampliación do dictame médico, ó que se refire o número 4 deste artigo, solicitarao á autoridade que ordenou a iniciación do expediente, que, en caso de estimalo procedente, o comunicará á xunta médico-pericial e ó interesado, informándoos da forma de proceder.

De o estimar necesario, tamén solicitará á citada autoridade a suspensión do cómputo de tempo, que resolverá de acordo co número 2 do artigo 10 deste regulamento.

8. A xunta de avaliación, tendo en conta as alegacións do interesado, as súas condicións psicofísicas, deducidas do informe médico pericial, e as súas aptitudes profesionais, emitirá informe no que se fará constalo carácter dos destinos que puidese ou non desempeña-lo interesado ou a que proceda das seguintes:

a) Militares de carreira:

I) Proposta para cambio de especialidade fundamental.

II) Pase a retiro.

b) Militares de complemento:

Resolución de compromiso, ou pase a retiro.

c) Militares profesionais de tropa e mariñeira:

I) Proposta para cambio de especialidade.

II) Resolución de compromiso, ou pase a retiro.

9. A proposta para cambio de especialidade, prevista no artigo 23.1 da Lei 17/1999, poderá producirse cando o afectado non poida desempeñar ningún destino da súa especialidade, pero manteña condicións psicofísicas suficientes para desenvolver adecuadamente os cometidos e funcións dos destinos doutra.

10. A autoridade que ordenou a incoación do expediente ordenará que se cumpra o trámite de audiencia ó interesado e, tendo en conta as súas alegacións, elevarao ó subsecretario de Defensa ou ó xefe do Estado Maior do exército respectivo.

Artigo 12. *Fase de resolución.*

1. O subsecretario de Defensa ou o xefe do Estado Maior do exército respectivo propondrá ó ministro de Defensa a resolución que proceda, especificando, en todo caso, a aptitude ou non aptitude para o servizo nas Forzas Armadas.

2. Nas propostas de aptitude para o servizo farase constar se existe ou non limitación para ocupar determinados destinos e, se é o caso, se a limitación é tem-

poral ou permanente e se procede o cambio de especialidade fundamental ou especialidade, e nas propostas de non aptitude para o servizo especificarase se a incapacidade é só para o servizo nas Forzas Armadas ou o é para toda profesión ou oficio e se procede o pase a retiro ou a resolución do compromiso.

3. Sempre que na proposta se faga constar unha limitación ou incapacidade deberase informar sobre o grao de discapacidade ou minusvalidez e sobre a existencia, ou non, dunha relación de causalidade coas actividades do servizo, ou con atentado terrorista, ou con ocasión dos mesmos.

4. A resolución que poña fin ó expediente será acordada polo ministro de Defensa, co informe previo da Asesoría Xurídica Xeral da Defensa, e comunicada ó interesado polo director xeral de Persoal ou polo xefe do mando ou xefatura de persoal do exército respectivo, segundo corresponda, que tamén disporán a publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» cando supoña unha limitación permanente que supoña restricións para ocupar determinados destinos, comporte o cambio de especialidade fundamental ou especialidade, o pase a retiro ou a resolución do compromiso.

As limitacións non permanentes comunicaranse ó interesado de oficio e ó órgano de xestión de persoal correspondente para os efectos oportunos.

5. Nas resolucións que determinen o retiro do interesado, a lesión ou proceso patolóxico, somático ou psíquico debe estar estabilizado e ser irreversible ou de remota ou incerta reversibilidade.

6. Naquelas resolucións nas que se recoñeza a limitación do interesado para ocupar determinados destinos deberán especificarse aqueles para os que estea limitado, así como o prazo a partir do cal se poderá iniciar a revisión daquela por agravación ou melloría. Salvo circunstancias excepcionais que xustifiquen unha redución, este prazo será dun ano.

Artigo 13. *Recoñecemento de dereitos pasivos.*

O recoñecemento de dereitos pasivos, que puidera ser consecuencia da resolución do expediente que se iniciou por motivo dunha avaliación extraordinaria para determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas, efectuarase con posterioridade á citada resolución, evitando, no posible, novos dictames técnicos e propostas, para o que se procederá na seguinte forma:

1. Cando a xunta médico-pericial considere que do dictame médico, ó que se refire o artigo 11, número 4, do presente regulamento, puidese derivar unha resolución do ministro de Defensa de pase a retiro ou de resolución do compromiso para a profesión militar, emitirá no mesmo acto un dictame ampliado de acordo co previsto no número 2 do artigo 16 do presente regulamento.

2. O subsecretario de Defensa e os xefes dos Estados Maiores do exército respectivo, cando propoñan o retiro ou a resolución do compromiso dun militar por insuficiencia de condicións psicofísicas, incluírán na proposta o suposto no que queda incluído o interesado de acordo coa normativa de clases pasivas.

3. Nos casos en que o ministro de Defensa resolva o retiro ou a resolución do compromiso, o director xeral de Persoal iniciará de oficio a tramitación do expediente para determina-la pensión de retiro ou a indemnización, por unha soa vez, que en cada caso corresponda.

Artigo 14. *Recursos e fin da vía administrativa.*

1. En virtude do establecido na Lei 30/1992, as resolucións adoptadas polo ministro de Defensa no ámbito de aplicación do presente real decreto esgotarán a

vía administrativa, e contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ou, se é o caso, o potestativo de reposición.

2. O dictame da xunta médico-pericial e o informe da xunta específica de avaliación, terán carácter preceptivo non vinculante e non serán susceptibles de ulterior recurso, en virtude do establecido nos artigos 82 e 83 da Lei 30/1992.

Artigo 15. *Rehabilitación.*

1. Os militares profesionais que, como consecuencia dun expediente de insuficiencia de condicións psicofísicas, teñan limitación para ocupar algún tipo de destino ou pasasen a retiro, poderán ser rehabilitados no suposto de que desapareza a incapacidade que motivou a insuficiencia.

2. Nas resolucións que tivesen como consecuencia a limitación para ocupar algún tipo de destino a revisión iniciarase por orde do director xeral de Persoal, no caso dos membros dos corpos comúns das Forzas Armadas, e, nos demais casos, polo xefe do mando ou xefatura de persoal do exército correspondente ó interesado, cando se teña coñecemento, que faga fe, de que se modificaron as causas que orixinaron a limitación para ocupar determinados destinos e transcorre, como mínimo, o prazo indicado na resolución dictada polo ministro de Defensa.

3. Nas resolucións que tivesen como consecuencia o pase a retiro a revisión iniciarase mediante instancia do interesado dirixida ó subsecretario de Defensa. Non se poderá instar a revisión ata que, ó menos, transcorre un prazo mínimo de dous anos desde a data que se dictou resolución, excepto nos casos que se acredite suficientemente erro de diagnóstico ou se producidos cambios substanciais que deron lugar ó recoñecemento, en que non será preciso esgota-lo prazo mínimo.

4. O procedemento de revisión da insuficiencia de condicións psicofísicas será o mesmo que o empregado para dicta-la avaliación extraordinaria para determina-la insuficiencia das mesmas.

CAPÍTULO IV

Normas de valoración das condicións psicofísicas

Artigo 16. *Dictame médico.*

1. O dictame médico do órgano médico pericial da Sanidade Militar, fundamentado nos cadros de condicións psicofísicas que se establecen no anexo do presente regulamento, realizarase mediante un informe médico que irá acompañado dun cuestionario de saúde e ambos axustaranse ó modelo que determine o ministro de Defensa.

2. O dictame médico que, a xuízo da xunta médico-pericial, puidese comportar unha resolución do ministro de Defensa de pase a retiro ou de resolución do compromiso, incluírá o grao de minusvalidez ou discapacidade dictado de acordo co disposto no anexo 1 do Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de minusvalidez, corrixido por disposición do 13 de marzo de 2000 («Boletín Oficial del Estado» número 62) ou, se é o caso, os cadros médicos que sexan de aplicación de acordo co Real decreto 771/1999, do 7 de maio, polo que se regulan as pensións e indemnizacións do réxime de clases pasivas do Estado ós militares de emprego.

3. A incomparecencia do interesado, sen causa debidamente xustificada, ó recoñecemento para o que foi requirido, farase constar no informe. Non obstante,

a xunta médico-pericial deberá incluír no informe médico o dictame da aptitude psicofísica, se á vista da documentación dispoñible fose posible realizar unha valoración das súas condicións psicofísicas, e en caso contrario sinalará a imposibilidade de realizalo. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias nas que o interesado puidese ter incorrido.

Artigo 17. *Áreas funcionais.*

1. As áreas funcionais que definirán a aptitude psicofísica son as seguintes:

- F: capacidade física xeral.
- I: cintura pelviana e membros inferiores.
- S: cintura escapular e membros superiores.
- V: visión e oftalmoloxía en xeral.
- A: audición e otorrinolaringoloxía en xeral.
- P: psiquiatría.

2. En cada área funcional, na que se enumeran as principais enfermidades e doenzas, agrupadas en subáreas funcionais, examínanse e avalíanse os órganos e aparellos, os sistemas funcionais, as enfermidades e os conceptos seguintes:

F: capacidade física xeral.—Condicións e enfermidades xerais, enfermidades da pel e tecido celular subcutáneo, aparello respiratorio, aparello dixestivo, aparello circulatorio e corazón, aparello uroxenital, trastornos da nutrición e calquera outro defecto orgánico ou enfermidade que repercuta na capacidade física xeral da persoa.

Para a avaliación global desta área terase en conta as afeccións puntuadas noutras áreas en canto sexan capaces de repercutir sobre o conxunto do organismo cunha diminución da resistencia e actividade do suxeito.

I: cintura pelviana e extremidades inferiores.—Sistema nervioso lumbo-sacro, cintura pelviana, pernas e pés. A puntuación farase en relación coa forza, capacidade de movemento e eficiencia xeral.

S: cintura escapular e extremidades superiores.—Sistema nervioso cervical, torácico e lumbar superior, cintura escapular, brazos e mans. A puntuación farase en relación coa forza, a capacidade de movemento e a eficiencia xeral.

V: visión e oftalmoloxía.—Agudeza visual e enfermidades e defectos dos ollos.

A: audición e otorrinolaringoloxía.—Agudeza acústica e enfermidades e defectos dos oídos e gorxa.

P: psiquiatría.—Personalidade, estabilidade emocional e enfermidades e trastornos psiquiátricos.

Artigo 18. *Valoración das áreas funcionais.*

1. Cada área funcional avalíase mediante a aplicación dun coeficiente do 1 ó 5, seguindo as directrices xerais seguintes:

Coeficiente 1: aplicarase a aquelas persoas que na área funcional avaliada posúan unha capacidade, acorde coa idade, moi elevada, e, por tanto, sexan aptas para calquera destino militar por elevadas que poidan se-las condicións requiridas.

Coeficiente 2: aplicarase a aquelas persoas que, na área funcional avaliada, posúan unha capacidade habitual en relación coa idade, sen alcanza-lo nivel anterior e, por tanto, sexan apropiadas para calquera destino militar excepto para aqueles nos que se esixan condicións moi elevadas.

Coeficiente 3: aplicarase a aquelas persoas cun nivel físico ou psíquico aceptable aínda que poidan ter algún defecto que non limite a súa capacidade operativa, excepto se se requiriren prestacións elevadas.

